



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 18 DE MAIO DE 2006,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO. EXCMO. SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETO**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 75/1997, do 10 de abril, polo que se crea a medalla da Xunta de Galicia ao mérito da Policía Local.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual, derivado da Orde pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso escolar 2006/2007.
- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Centro Neuropsicopedagóxico O Pelouro (Santiago de Compostela), para o financiamento e reserva de prazas para alumnado do centro.

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Ourense a Festa do Boi de Allariz.
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Lugo a Festa da Malla en Meira.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a "Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia", para a realización de actuacións que contribúan ao desenvolvemento e mellora competitiva do sector metalúrxico galego.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio suscrito entre a Consellería de Industria e Comercio e *Pequenos y Medianos Astilleros. Sociedade de Reconversión. S.A. (Pymar)*, para o fomento da construción naval en Galicia, mediante a suplementación da capacidade de afianzamento do fondo patrimonial de garantías aos contratos dos estaleiros galegos.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta e a Asociación Clúster del Naval Gallego. "Aclunaga" para o desenvolvemento de accións dirixidas a potenciar o sector da construción naval en Galicia para o ano 2006.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM-RURAL –Pontedeume...Salvaterra do Miño).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Santa Comba (A Coruña) para a realización de obras de infraestrutura rural.
- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Federación Frisona Galega (Fefriga) para o financiamento e desenvolvemento das actividades da unidade de transferencia embrionaria de Bos (Guísamo-A Coruña).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, o Concello de Celanova e o Bispado de Ourense para a realización dun proxecto de restauración de retablos da Igrexa do Mosteiro de San Salvador e San Rosendo de Celanova (Ourense).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o organismo autónomo Augas de Galicia, para a execución da obra civil e infraestruturas complementarias e asociadas á pista de piragüismo de Pontillón de Castro, Berducido, 2ª fase, co que se vai posibilitar a súa celebración no campionato de Europa de piragüismo a celebrar en Galicia, no ano 2007.



## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello da Lama, para a construción dunha vía de acceso á planta de transferencia.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Oza dos Ríos para a recuperación arqueolóxica, adecuación e selado do vertedoiro de RSU.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Xinzo de Limia, para a adecuación, selado e clausura do vertedoiro de RSU.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Vilagarcía de Arousa, para a clausura e selado do vertedoiro de RSU de Pinar do Rei.
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ribeira para a execución das obras: "actuacións de saneamento na bacía Galicia Costa. Rede de sumidoiros do Vilar-Vixán na parroquia de Carreira. Ribeira (A Coruña)", clave OH.315.676, por importe de douscentos sesenta e tres mil seiscentos cincuenta e un euros e cincuenta e nove céntimos (253.651,59).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mesía para a execución das obras: "mellora das infraestruturas hidráulicas na comunidade autónoma. Abastecemento de auga a Mesía (A Coruña)", clave OH.215.710, por importe de setecentos trinta e oito mil novecentos trinta e oito euros e cincuenta e tres céntimos (738.938,53 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ames, para a execución das obras: "outras actuacións. Dotación de servizos de abastecemento. Nova conducción dende o depósito de Quistiláns ata o depósito de Aldea Nova (A Coruña)", clave OH.215.702, por importe de douscentos setenta mil cento noventa e tres euros e sesenta e tres céntimos (270.193,63 euros).
- Acordo polo que aproba a colaboración técnico-financieira da Xunta co Concello da Coruña e se autoriza o gasto para a execución das obras: "Nova canalización dos ríos Monelos-Mesoiro. A Coruña, clave OH.315.614" por importe de once millóns seiscentos vinte mil euros.



## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: sostemento e protección de noiros no Corredor do Morrazo. Treito II-1, Moaña-Cangas por unha contía aproximada dun millón noventa e sete mil oitocentos cincuenta e nove euros con vinte e dous céntimos.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencias das obras de reconstrución dun lateral do muro de contención do peirao do Curro no Porto de Bueu (Pontevedra).

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe polo que se da conta do acordo para a mellora das retribucións salariais dos docentes galegos de todo o ensino non universitario



## **O CONSELLO DA XUNTA MODIFICA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A MEDALLA DA XUNTA DE GALICIA AO MÉRITO DA POLICÍA LOCAL**

O Consello, reunido na súa xuntanza semanal, modificou hoxe o decreto polo que se regula a creación da medalla da Xunta de Galicia ao mérito da Policía Local, para adaptalo á súa nova estrutura orgánica. Os cambios teñen un contido estritamente organizativo e non afectan o réxime da concesión das medallas.

Así, segundo se recolle no texto, a solicitude dirixirase ao titular da dirección xeral competente en materia de Interior que, no suposto de que considere insuficiente ou incompleta a documentación recibida, poderá reclamar información e documentación complementaria.

Para a concesión das medallas reguladas neste decreto, crearase unha comisión de avaliación que estará composta por un presidente, que será o secretario xeral da consellería competente en materia de Interior e cinco vogais, que serán: o titular da dirección xeral competente en materia de réxime local, o director do organismo da Xunta con competencias en materia de formación de Policía Local, o titular da Dirección Xeral competente en materia de Interior, un representante da asociación máis representativa das entidades locais galegas, e un representante dos sindicatos que deberá ser membro da Comisión de Coordinación das Policía Local. O secretario será designado polo presidente da Comisión.

Recibidas as peticións, a comisión de avaliación, tras analízalas e estudalas, elevaralle a proposta ao titular da consellería competente en materia de Interior, que resolverá. De consideralo necesario, a comisión poderá reclamar e solicitar todo tipo de información complementaria que precise.

A dirección xeral competente en materia de Interior, logo da tramitación do correspondente expediente previsto no presente decreto, realizará a inscrición no Rexistro de Policía Local de Galicia. Por último, o texto faculta o titular da consellería con competencias en materia de Interior para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do decreto.



## EDUCACIÓN ESTENDE O VINDEIRO CURSO A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO AO 50% DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- *A Administración educativa destina preto de 11 millóns de euros a esta iniciativa*
- *A partir do vindeiro ano, tan só faltarán dous cursos de ESO –1º e 3º- por implantar a gratuidade*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e praxe á orde pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios no curso 2006-2007. O programa cubrirá toda a educación primaria e 2º e 4º da educación secundaria obrigatoria. A Administración educativa investirá neste programa 10.884.794,55 euros.

O programa de gratuidade de libros de texto aplicarase en todos os centros sostidos con fondos públicos de Galicia, para que lle faciliten ao alumnado de ensino obrigatorio, mediante o sistema de préstamo, os libros de texto das distintas áreas do currículo establecidas para os cursos acollidos a esta iniciativa.

Segundo a orde, no vindeiro curso 2006-2007 procederase á reposición dos libros de toda a educación primaria e do 2º curso de ESO. O programa amplíase o vindeiro ano a 4º curso de ESO.

A Consellería de Educación subvencionará os libros de textos nos seguintes importes máximos por alumno acollido ao programa e curso:

Educación primaria			
Curso	Importe máximo de reposición por deterioración	Importe máximo de reposición por incremento de alumnado	Implantación: Importe máximo por alumno/a acollido
Primeiro	95 euros	119 euros	
Segundo	95 euros	119 euros	
Terceiro	7 euros	140 euros	
Cuarto	7 euros	140 euros	
Quinto	64 euros	145 euros	



Sexto	7 euros	145 euros	
<b>Educación secundaria obrigatoria</b>			
Segundo	11 euros	223 euros	
Cuarto			238 euros

### **Procedemento para os alumnos de 4º de ESO**

Durante o mes de xuño os centros facilitaralles aos alumnos de 4º curso de ESO os impresos para a adquisición dos libros de texto, por duplicado, nos que se farán constar unicamente os libros de texto que necesite cada alumno/a de acordo coas áreas do currículo nas que vaia estar matriculado no curso escolar 2006/2007. Os pais, nais ou titores deberán presentar, na librería, antes do 31 de xullo, os dous exemplares orixinais, debidamente asinados por eles. Se a librería entrega os libros no centro quedarase cos dous exemplares e no caso de que non o faga, quedará en posesión dun dos exemplares e o outro será devolto ás familias, coa sinatura e o selo da librería, xunto cos manuais.

As librarías que se comprometan a levar os libros aos centros, deberán entregalos entre o 1 e o 5 de setembro no centro, xunto cun exemplar do impreso de cada un dos/as alumnos/as. Os pais que adquirisen os libros en librarías que non entreguen os libros no centro, deberán entregalos eles, xunto co outro exemplar do impreso que lle devolveu a librería asinado, no mesmo prazo que as librarías.

Unha vez recibidos os libros de texto o centro procederá ao seu inventario e identificación. O prazo para que as librarías entreguen as facturas nos centros rematará o 30 de setembro.

### **Reposición**

De cara á reposición de educación primaria e de 2º curso de educación secundaria obrigatoria, os centros adheridos ao programa en cursos anteriores poderán repoñer os exemplares como consecuencia do incremento de alumnado acollido ao programa neste nivel educativo e de exemplares que, debido ao seu grao de deterioración, non poidan ser utilizados polo alumnado no curso escolar 2006/2007.

Os exemplares de reposición serán adquiridos polo director do centro en librarías, que deberán presentar as facturas correspondentes á reposición nos centros tamén antes do 30 de setembro.



## **PRETO DE 800.000 EUROS PARA FINANCIAR O SERVIZO EDUCATIVO NO CENTRO *O PELOURO* DE TUI**

- ***A Administración subvencionará un total de nove unidades e financiará ata un máximo de 25 prazas de residencia e media pensión***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio para o funcionamento e reserva de prazas para alumnado no Centro Privado (CPR) Neuropsicopedagógico *O Pelouro*, de Tui, durante o curso 2006/2007. Segundo este acordo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria subvencionará a prestación do servizo público da educación, así como a reserva de prazas para alumnado con trastornos de personalidade e conduta desde o 1 de setembro de 2006 ata o 31 de agosto de 2007.

Deste xeito, a Consellería de Educación achegará un total de 788.568,43 euros, repartidos en dúas anualidades: 271.572,03 euros en 2006 e 516.996,40 euros en 2007. Subvencionaranse nove unidades: 2 de educación infantil, 4 de educación especial, unha de Formación Profesional, e 2 de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO). Todas estas ensinanzas intégranse dentro da competencia integradora, interactiva e interxectiva de alumnos con necesidades educativas especiais, con trastornos de conduta e de réxime ordinario. No tocante á reserva de prazas, a Xunta financiará un máximo de 25 postos de residencia e media pensión.

Este convenio terá por obxecto o sostemento do CPR *O Pelouro* con fondos públicos; a reserva e ocupación de prazas de residencia e de media pensión para alumnado con trastornos de personalidade de conduta no citado centro; e definir o marco de colaboración para desenvolver, con carácter experimental, a prevención, a integración, a atención docente, psicosocioasistencial e para o lecer dos nenos e mozos con trastornos de personalidade e de conduta, e tamén a de aqueles en situación de risco para o seu desenvolvemento evolutivo, así como para a adecuada orientación ás familias e aos centros escolares aos que asista alumnado destas características.

Así, os responsables do centro comprométense a prestar a atención educativa e asistencial necesaria ao citado alumnado con trastornos de personalidade e de conduta en integración co resto dos alumnos co obxecto de lograr o máximo desenvolvemento posible das súas potencialidades, no marco dunha comunidade socioeducativa e terapéutica desde a saúde que ten como base a integración interactiva e interxectiva en proporcións de equilibrio. Este convenio establece que esta atención se desenvolverá en réxime de media pensión ou internado de diversos tipos segundo as circunstancias familiares ou de terapia que o aconsellen.





## **AS FESTAS DO BOI, DE ALLARIZ, E DA MALLA, DE MEIRA, SON DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO**

- *O Consello da Xunta ratificou hoxe a declaración de ambas as festas como de interese turístico pola Consellería de Innovación e Industria*

O Consello da Xunta declarou hoxe as festas do Boi, de Allariz, e da Malla, de Meira como Festas de Interese Turístico, logo de que a Consellería de Innovación e Industria elevase a proposta ao órgano reitor da Xunta. Ambas as festas pasan a ser de interese turístico en virtude do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

A través da Festa da Malla rememórase o labor da malla propio das zonas rurais onde se cultivaba o trigo, centeo, avea ou ferraxe. A malla realizábase á man e coa participación de todos os veciños. Ao tratarse dun traballo esgotador comezaron a tomar relevancia as máquinas malladoras con motor, traballo que é o que se recrea en Meira na Festa da Malla, a segunda quincena de agosto, o primeiro domingo sen feira, despois das festas patronais que teñen lugar nos días 14, 15, 16 e 17 de agosto. A Festa da Malla ten unha antigüidade superior aos 10 anos, é unha festa singular e de gran valor cultural e etnográfico e conta con grande arraigamento popular, acadando un alto índice de participación por parte da poboación de Meira.

Pola súa banda, a declaración da Festa do Boi de Allariz como de interese turístico reconece o labor do Concello de Allariz, que está a realizar nestes últimos anos un gran labor, recoñecido nacional e internacionalmente, para pór en valor toda a súa riqueza patrimonial tratando de fixar a poboación e aumentar a calidade de vida dos seus cidadáns. A Festa do Boi constitúe unha máis das moitas iniciativas sobre as que este concello está a traballar e cumpre os requisitos de antigüidade, singularidade, arraigamento e valor cultural que exige o Decreto 39/2001 para a declaración dunha festa como de interese turístico. A Festa do Boi ten a súa orixe no século XIV, nas liortas cos xudeus sobre as manifestacións públicas relixiosas, e celébrase en Allariz arredor das festas de Corpus Christi.



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ 360.000 EUROS PARA POTENCIAR O SECTOR DA CONSTRUCCIÓN NAVAL EN GALICIA**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellaría de Innovación e Industria e a Asociación Cluster del Naval Gallego (Aclunaga)*

A Consellería de Innovación e Industria achegará 360.000 euros para reforzar o posicionamento competitivo do conglomerado da construción naval galega, favorecendo o desenvolvemento de accións que potencien o valor engadido dos produtos ofertados polo sector. Así o establece o convenio de colaboración que asinarán a Consellaría e a Asociación Clúster del Naval Gallego logo de que esta mañá autorizase a súa firma o Consello da Xunta.

As actuacións que se van levar a cabo en virtude deste convenio atenden á necesidade de fortalecer a cooperación entre as empresas da construción naval, así como de adoptar técnicas modernas de xestión empresarial que permitan acadar o grao de desenvolvemento axeitado para competiren nos mercados nacionais e internacionais. Esta nova tendencia require unha análise específica dende a óptica tecnolóxica, estratéxica, organizativa e de xestión de persoas que poidan conceptualizar a innovación, crear organizacións dinámicas, xestionar a tecnoloxía e rendibilizar ao máximo o potencial industrial.

O alcance das actuacións obxecto do convenio que asinará o conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, e o presidente de Aclunaga, Isidro Silveira, centrarase no desenvolvemento dunhas xornadas internacionais sobre o sector naval en Ferrol; asistencia ás feiras sectoriais Navalía e SMM Hamburgo; actividades promocionais e mellora do catálogo e da páxina web de Aclunaga; proxecto de estandarización e centralización dos procedementos de acceso a estaleiros, consistente na normalización da documentación a presentar polas contratas, a creación dunha base de datos de traballadores capacitados e de industrias auxiliares e a informatización dos trámites; e deseño do plano de formación de bolseiros aprendices e técnicos especializados no sector naval.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAIS METALÚRXCOS COLABORARÁN PARA A MELLORA COMPETITIVA DO SECTOR

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio para a realización de actuacións que contribúan ao desenvolvemento e mellora competitiva do sector metalúrxico galego*

A Consellería de Innovación e Industria achegará 198.788 euros para a realización de actuacións que contribúan ao desenvolvemento e mellora competitiva do sector metalúrxico galego. Esta achega producirase no marco do convenio de colaboración que asinarán a Consellería e a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia, cuxa sinatura autorizou esta mañá o Consello da Xunta de Galicia.

Coa firma deste novo acordo preténdese continuar avanzando na estratexia xa iniciada de impulso de actuacións sectoriais de desenvolvemento e mellora competitiva, pondo nesta ocasión a énfase na industria naval, por un lado, e no sector da aeronáutica, por outro.

O convenio para 2006, en concreto, céntrase en actuacións de comercio exterior para o sector metalúrxico, tanto de difusión coma de misións comerciais directas e inversas, na organización de encontros empresariais, na participación en feiras sectoriais, elaboración de estudos de mercado e actividades de formación específica nos sectores aeronáutico coma do naval.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UNHA ADDENDA AO CONVENIO CON PYMAR PARA O FOMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL EN GALICIA

- *A addenda nº1 ao convenio de colaboración 2002-2006 entre a Consellaría de Innovación e Industria e Pequenos y Medianos Astilleros Sociedad de Reconversión S.A. permite achegar máis fondos para favorecer a construción naval*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura da addenda nº1 ao Convenio de Colaboración 2002-2006 entre a Consellería de Innovación e Industria e Pequenos y Medianos Astilleros Sociedad de Reconversión S.A. (PYMAR), para o fomento da construción naval en Galicia, mediante a suplementación da capacidade de afianzamento do fondo patrimonial de garantías aos contratos dos estaleiros galegos.

O devandito convenio asinábase o 29 de xullo de 2002 co obxecto de afianzar perante as entidades de crédito e/ou os armadores, a esixencias de garantía aos estaleiros galegos á terminación e entrega e crédito ao armador, o cal permitiría favorecer a construción naval a respecto dos estaleiros que no seu día estiveron en reconversión. Este convenio, plurianual, contaba cun total de 12.024.000 euros, dos cales 1.503.000 lle corresponden á anualidade de 2006.

A saturación dos estaleiros coreanos, a especialización en navíos sísmicos, portacontedores, quimiqueiros e rebocadores con destino á mariña mercante, dos nosos estaleiros privados fixo que a súa carteira aumentara dende novembro de 2005 de maneira espectacular, de xeito que as posibilidades de afianzamento por parte da Xunta están esgotadas mesmo contando co orzamento de 2006.

O tramo máis crítico, de momento, dende o punto de vista temporal, é ata finais de 2008, data na que se van liberando afianzamentos hoxe en vigor. Por esta razón considerouse necesario achegar máis fondos ao convenio actual e a Consellería de Innovación e Industria solicitou do Consello da Xunta a sinatura da addenda referida, sen prexuízo de ter que houbese que subscribir unha addenda número 2.



## **MEDIO RURAL ASINA 8 CONVENIOS MÁIS PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DO PROGRAMA ESTRATÉXICO DE INFRAESTRUTURAS**

O Consello da Xunta autorizou á Consellería do Medio Rural a asinar novos convenios para a realización de obras de infraestruturas rurais no marco do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, cun orzamento previsto nesta sétima quenda de 1.204.726 euros distribuídos en dúas anualidades.

Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, elaborou as directrices para un plano de investimentos a realizar en distintos concellos de Galicia denominado Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM), que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e de mellorar a calidade de vida dos residentes nestas zonas e de contribuír a fixar poboación.

Contemplanse tamén proxectos de obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren nas competencias da Consellería do Medio Rural.

A estrutura formal do convenio contén os títulos de competencias que xustifican a actuación, mecanismos de coordinación entre as partes, réxime de financiamento, e mecanismo de seguimento da execución do convenio.

Nesta sétima fase, destinaranse 1.204.726,87 euros para as obras que se executarán, previa sinatura dos convenios, nos concellos de Pontedeume, Vilasantar, Zas, Navia de Suarna, Riotorto, Esgos, O Porriño e Salvaterra de Miño.

Estes 8 concellos correspondentes á sétima quenda súmanse aos 152 incluídos nos anteriores consellos da Xunta. Nas vindeiras semanas continuarase co proceso de contratación de obras nos restantes municipios galegos, ata completar os 40 millóns de euros previstos no PEIM correspondentes ás anualidades 2006-2007.



## **MEDIO RURAL E FEFRIGA ASINARÁN UN CONVENIO POR VALOR DE 450.000 EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA UNIDADE DE TRANSFERENCIA EMBRIONARIA**

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Federación Frisona Galega (FEFRIGA) para o financiamento e desenvolvemento das actividades da unidade de transferencia embrionaria de Bos (Guísamo) por un importe total de 450.000 euros, co obxecto de achegar aos gandeiros membros de FEFRIGA que participan no Programa de Mellora Gandeira de Galicia un material xenético que facilite a mellora e rendibilidade das explotacións.

A Consellería do Medio Rural, ademais do financiamento, comprométese a achegar os embrións de elite das mellores liñas xenéticas mundiais, así como a facilitar o apoio técnico necesario e a velar polo estado das instalacións e equipamentos precisos para acadar os obxectivos previstos no programa. Pola súa parte FEFRIGA será a encargada de desenvolver a unidade de doadoras de embrións de Bos mantendo un rabaño composto polo menos por 35 doadoras do máis alto potencial xenético, ao mesmo tempo que se compromete a producir anualmente un mínimo de 300 embrións viables a partir das femias xeradas polo programa. Terá, ademais, a responsabilidade de establecer un programa de información e distribución dos embrións producidos na unidade de Bos, que deberá de ser en condicións vantaxosas para as gandarías de Galicia inscritas no Libro Xenealóxico da raza frisona. Tamén se compromete a pór á disposición da Consellería todos os machos nados na unidade de Bos e a destinar íntegra exclusivamente ao bo funcionamento da unidade todos os ingresos xerados a partir das actividades deste programa.

Esta colaboración entre a Consellería do Medio Rural e FEFRIGA nace da necesidade de continuar coa mellora xenética no gando vacún leiteiro como unha das bases nas que se asenta a produción láctea moderna e rendible co obxecto de consolidar e potenciar os bos resultados acadados ata agora, así como divulgar as novas técnicas reprodutivas entre os gandeiros.

### **A mellora xenética en Galicia**

Nas actuacións de mellora da cabana gandeira galega, previstas no marco do Programa de Mellora Gandeira de Galicia, a opción dunha produción propia de xenética continúa sendo a fórmula máis axeitada. Tendo en conta o considerable aumento non só no número de animais con rexistro xenealóxico, senón tamén na calidade deles, precísase dispor dun número cada vez maior de touros mellorantes. Isto tamén implica a necesidade de potenciar a denominada vía "femia" de mellora, a partir das mellores vacas que poden destinarse como doadoras de embrións para



multiplicar nas explotacións leiteiras os animais de máis alto valor xenético para impulsar en conxunto o progreso xenético da poboación.

A forma máis rápida e eficiente de obter estes animais mellorantes en Galicia é incorporando descendentes dos animais máis sobresaíntes a nivel mundial a partir de embrións deles para producir en Galicia os sementais e as doadoras de embrións que contribuirán á mellora da cabana gandeira. A Federación Frisona Galega está a colaborar coa consellería implantando os embrións de elite estranxeiros que esta dedica ao programa de mellora co fin de obter descendentes en Galicia dos mellores animais a nivel mundial. Hai que lembrar que FEFRIGA xestiona a unidade de transferencia embrionaria de Bos, que desde a súa creación no ano 1992 está dedicada a obter e multiplicar mediante a técnica da transferencia embrionaria a descendencia dos mellores animais, producindo liñas xenéticas coas que se obterán machos e femias mellorantes e que servirán como aceleradores do progreso xenético nas gandarías.



## **MEDIO RURAL EXECUTARÁ O PROXECTO DE RECINTO FEIRAL EN SANTA COMBA**

O Consello da Xunta autorizou a Consellería do Medio Rural a asinar unha addenda ao convenio de colaboración suscrito co Concello de Santa Comba para a modificación das anualidades previstas inicialmente no proxecto de recinto feiral.

A Consellería do Medio Rural asume a realización, dentro do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural, das obras contempladas no proxecto de recinto feiral de Santa Comba, por importe de 1.371.839 euros. Correspóndelle en exclusiva a licitación, dirección facultativa e técnica, xestión e recepción das obras, co financiamento de 228.166 euros en 2006 e de 400.000 en 2007.

O motivo deste reaxuste orzamentario, antes estaba distribuído en tres anualidades, prodúcese ante a imposibilidade de iniciar esta actuación en 2005 e co fin de retomar o proxecto de creación dun recinto feiral en Santa Comba, para permitir a adopción dunha política intensiva de reforma das infraestruturas agrarias.

O Concello de Santa Comba cofinanciará con 495,282 euros a anualidade de 2006 e con 248.391 a anualidade de 2007 para a execución da obras. Ademais, porá á disposición da Consellería do Medio Rural os terreos necesarios, con usos urbanísticos, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos para a súa execución. Tras a recepción das obras e logo da comunicación da Consellería do Medio Rural, asumirá a súa explotación, mantemento e conservación.





## **CULTURA INVESTIRÁ CASE 150.000 EUROS PARA RESTAURAR RETÁBULOS DO MOSTEIRO DE SAN SALVADOR E SAN ROSENDO, EN CELANOVA**

- *En total recuperaranse 6 retablos e os traballos prolongaranse ata o 2007*

A Consellería de Cultura e Deporte investirá 148.000 euros para restaurar os retablos da igrexa do mosteiro de San Salvador e San Rosendo, en Celanova. As obras realizaranse ao longo deste ano e prolongaranse durante o 2007.

Concretamente, recuperaranse os retablos de San Xoán, A Dolorosa, Santa Catalina, San Bieito, Ecce Homo e Cristo Xacente. Con este proxecto salvagardarase e porase en valor este ben patrimonial converténdose nun recurso cultural para o desenvolvemento da zona. A intervención da Consellería realizarase mediante un convenio de colaboración, que foi aprobado hoxe no Consello da Xunta, co Concello e co Bispado de Ourense.



## **MEDIO AMBIENTE APROBA OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO POR VALOR DE 13 MILLÓNS DE EUROS NA PROVINCIA DE A CORUÑA**

- *A maior parte do orzamento destinarase á nova canalización dos ríos Monelos e Mesoiro, nos concellos da Coruña e Arteixo*
- *Augas de Galicia financiará tamén melloras de infraestruturas hidráulicas e de saneamento en Mesía, Ames e Ribeira*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible vén de aprobar catro novos proxectos hidráulicos na provincia da Coruña. As obras supoñen un investimento de preto de 13 millóns de euros, que se levarán a cabo nos concellos de Arteixo, A Coruña, Mesía, Ames e Ribeira.

### **A Coruña-Arteixo**

A maior parte deste investimento, concretamente 11,6 millóns de euros, destinaranse á construción dunha nova canalización para o río Monelos-Mesoiro, nos concellos da Coruña e Arteixo. A actuación está incluída dentro do Plan Sectorial de Saneamento e Recuperación das rías da Coruña, O Burgo e os concellos limítrofes, aprobado e declarado de incidencia supramunicipal no ano 2001.

A construción da nova canalización, aprobada hoxe polo consello da Xunta, resolverá as carencias da capacidade da canle e canalizacións existentes que provocan inundacións e eliminará verteduras directas ao leito público.

A obra será financiada na súa totalidade por Augas de Galicia, organismo autónomo da Consellería de Medio Ambiente, con cargo aos orzamentos do presente exercicio e do próximo ano.

### **Mesía**

A mellora das infraestruturas de abastecemento no Concello de Mesía foi outra das actuacións aprobadas no consello da Xunta celebrado hoxe. O proxecto conta cun orzamento de 821.042 euros, que será financiado practicamente na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que achegará 738.938 euros, mentres que o concello coruñés financiará o 10% restante. A actuación contempla a construción dunha estación de auga potable (Etap) e a impulsión ata un depósito regulador situado no punto máis alto do concello. O prazo de execución das obras é de nove meses a partir da adxudicación dos traballos.



### **Ames**

Así mesmo, a consellería aprobou a construción dunha nova conducción dende o depósito de Quistiláns ao depósito de Aldea Nova, na localidade coruñesa de Ames. O proxecto supón investimento de 300.215 euros, que será financiado nun 90% pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), mentres que o 10% restante será aportado polo concello. As obras serán executadas nun prazo de cinco meses a partir da súa adxudicación.

### **Ribeira**

Por último, o consello da Xunta aprobou o proxecto de saneamento de O Vilar-Vixán, na parroquia de Carreira, pertencente á localidade coruñesa de Ribeira. A Consellería de Medio Ambiente, a través da empresa pública de augas, investirá 263.000 euros na construción dunha rede de sumidoiros que prestará servizo aos citados lugares. O prazo de execución dos traballos é de cinco meses, unha vez que se adxudiquen estes.



## **A XUNTA INVISTE 1,4 MILLÓNS DE EUROS NO SELADO DOS VERTEDOIROIS DE XINZO DA LIMIA, OZA DOS RÍOS E VILAGARCÍA DE AROUSA**

- *A consellería aprobou ademais a construción dunha vía de acceso á planta de transferencia da Lama (Pontevedra), que terá un custo de 257.245 euros*

A Consellería de Medio Ambiente, a través da súa Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, vén de dar luz verde a catro proxectos en materia de residuos, que suman un investimento total de 1,6 millóns de euros, que financiará ao 100% o departamento que dirixe Manuel Vázquez. Trátase de tres selados de vertedoiros nos concellos de Xinzo da Limia (Ourense), Oza dos Ríos (A Coruña) e Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), así como a construción dunha vía de acceso á planta de transferencia da Lama (Pontevedra). Todas estas actuacións foron aprobadas na reunión do Consello da Xunta celebrado hoxe.

### **Vilagarcía de Arousa**

A Consellería de Medio Ambiente levará a cabo unha importante actuación de rexeneración ambiental no concello pontevedrés de Vilagarcía de Arousa co selado do vertedoiro de Pinar do Rei. Este depósito, sito na parroquia de Bamio, comezouse a explotar no ano 1983 e actualmente está en uso para entullos e voluminosos e ocupa unha superficie de 30.000 metros cúbicos. A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación investirá 841.983 euros no proxecto, que será financiado con cargo aos orzamentos deste ano e os do próximo.

### **Xinzo da Limia**

Outra das actuacións aprobadas hoxe polo consello da Xunta foi a adecuación e selado do vertedoiro de residuos do concello ourensán de Xinzo da Limia. A consellería investirá este ano 295.647 euros no selado deste depósito sito na parroquia das Lamas, nunha parcela que ocupa unha superficie de 58.700 metros cadrados. As obras serán executadas nun prazo de tres meses.

### **Oza dos Ríos**

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará a contía de 275.347 euros ao selado do vertedoiro da localidade coruñesa de Oza dos Ríos. O depósito atópase situado na parroquia de Rodeiro, nunha parcela de titularidade municipal e ocupa unha extensión de 6.297 metros cúbicos. O vertedoiro comezou a funcionar no ano 1993 e clausurouse oficialmente en xaneiro de 2005. Os traballos financiaranse con fondos da consellería con cargo aos orzamentos deste ano.



### **A Lama (Pontevedra)**

O cuarto investimento de residuos aprobado hoxe polo consello da Xunta está destinado á construción dunha vía de acceso á planta de transferencia do Concello da Lama, na provincia de Pontevedra. A Consellería de Medio Ambiente aprobou o proxecto, que conta cun orzamento de 257.245 euros, que serán achegados na súa totalidade polo departamento que dirixe Manuel Vázquez. A planta de transferencia atópase nunha parcela do futuro polígono industrial do Concello de A Lama, ao que se accede na actualidade por unha pista de terra. O proxecto, promovido dende a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, consta de dúas vías unidas por unha glorieta, que percorreren o lateral e o fondo norte do parque empresarial. Ademais, proxéctase a súa conexión co futuro ramal que pasa por diante do campo de fútbol. O prazo da execución das obras é de dous meses a partir da súa adxudicación.



## **POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA 100.000 EUROS A PAGAR OBRAS DE EMERXENCIA NO PORTO DE BUEU**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destina 100.000 euros a pagar obras de emerxencia que se están executando no peirao do Porto de Bueu, segundo deu conta hoxe ao Consello da Xunta.

Estas obras consisten na construción dun novo muro así como na reconstrución do pequeno espigón do Porto, mellorando a súa cimentación.

Esta actuación é necesaria debido aos desperfectos provocados polos últimos temporais, que afectaron a estabilidade do muro de contención do peirao, provocando a perda da súa estabilidade e producindo gretas nel. A urxencia das obras ven determinada porque, ademais, existe risco de que se produzan novos derrubamentos.

Cabe salientar que esta é unha zona de moito tráfico peonil e rodado, xa que se sitúa á beira da vía portuaria.



## **POLÍTICA TERRITORIAL DESTINA PRETO DE 1,1 MILLÓN DE EUROS A PAGAR OBRAS DE EMERXENCIA NO CORREDOR DO MORRAZO**

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes destina preto de 1,1 millóns de euros a pagar obras de emerxencia no Corredor do Morrazo, concretamente no treito Moaña-Cangas, segundo deu conta hoxe ao Consello da Xunta.

Trátase dunha serie de actuacións que foi necesario levar a cabo con carácter de urxencia por motivos de seguridade, logo de que as fortes choivas rexistradas na última quincena de marzo producisen a desestabilización de varias zonas dos noiros dereito e esquerdo do ramal de enlace de Ameixoadá.

En xeral, as obras consistiron no reforzamento dos noiros. Para iso, foi necesario introducir os denominados “drenaxes californianos” no seu interior dos mesmos, co obxecto de captar a auga que se filtra no seu interior.

Tamén se impermeabilizou a parte superior dos noiros, mediante a aplicación de formigón no camiño de servizo do cumio, de xeito que este actúe como unha especie de foxo que conduce a auga de choiva fóra dos noiros.

Tamén se corrixiu a inclinación actual dos noiros para lograr un maior tendido deles, e por último, dispúxose dunha malla metálica co fin de evitar pequenos desprendementos de material.



## **XUNTA E PROFESORADO APOSTAN POLA MELLORA DA CALIDADE DO ENSINO PÚBLICO GALEGO REFORZANDO A FIGURA DOCENTE**

- *Laura Sánchez Piñón informou do acordo sen precedentes alcanzado coas organizacións sindicais con representatividade no eido da educación sobre retribucións do profesorado*
- *O acordo permitirá reforzar as titorías, a formación en novas tecnoloxías e idiomas, as actividades para paliar o fracaso escolar e a atención á diversidade*
- *Aposta por un profesorado galego formado, incentivado e comprometido*
- *Con este acordo Galicia deixa de estar á cola das comunidades autónomas para ocupar o terceiro lugar en retribución media dos profesores*

A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, Laura Sánchez Piñón, informou ao Consello da Xunta do acordo asinado o pasado martes coas organizacións sindicais ANPE, CC.OO., CIG, CSI-CSIF, FETE-UGT e STEG sobre o incremento das retribucións do persoal docente (mestres e profesores de secundaria). Trátase dun acordo sen precedentes no que participan todos os sindicatos con representatividade no ensino e que afecta a todo o profesorado de ensinanzas non universitarias de Galicia.

Segundo explicou a conselleira de Educación, este acordo conleva o compromiso dos docentes coa mellora do ensino público da Comunidade, xa que potencia, dentro do horario ordinario do profesorado, é dicir, dentro da franxa lectiva e das horas complementarias fixas, a realización de actividades que redunden en beneficio da calidade educativa.

Este acordo permitirá mellorar a calidade da educación pública xa que conleva un incremento das titorías, desdobres en áreas e materias de lingua galega, castelá e estranxeira, matemáticas, química, bioloxía e tecnoloxía; apoio á educación infantil; asesoramento tecnolóxico nos centros; actividades de reforzo educativo; atención á diversidade e apoio específico ao alumnado estranxeiro; e participación activa nos plans de convivencia dos centros.

### **Compromiso e esforzo do profesorado**

O pacto acadado aposta porque o sistema educativo galego de resposta aos novos retos que a sociedade actual demanda e que constitúen a base dunha educación de calidade e con equidade. Neste senso as novas competencias que asumirá o profesorado como consecuencia deste acordo esixirán un esforzo e compromiso de dedicación por parte do persoal docente en canto a súa preparación, atención ao traballo en equipo e capacidade de renovación e innovación.





A conselleira explicou que un dos obxectivos do acordo suscrito o pasado martes é que o sistema educativo galego dispoña dun profesorado galego formado, incentivado e comprometido para dar resposta as necesidades da sociedade actual.

Como consecuencia do acordo, producirase tamén unha potenciación dos equipos directivos dos centros, realizándose unha nova clasificación dos centros educativos a efectos retributivos e da orientación educativa, retribuíndose as xefaturas de departamento de orientación nos centros de educación infantil e primaria e centros de primaria e incrementándose o complemento dos membros dos equipos de orientación específica. Ademais, garántense os dereitos económicos dos funcionarios do corpo de mestres que estean prestando servizos con carácter definitivo nos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria e homológanse as retribucións dos funcionarios da Inspección Educativa.

Este acordo afecta a 32.000 docentes, entre funcionarios de carreira e persoal interino e substituto, e supón un incremento de 150 euros mensuais e de 1.800 anuais para todo o persoal docente que imparte ensinanzas distintas das universitarias. Unha vez consolidada a revisión das retribucións, en 2009, suporá un incremento do 6,95% con independencia das subas anuais do IPC.

A suba das retribucións dos docentes galegos producirase progresivamente, en tres tramos, de xeito que en xaneiro de 2007, o incremento mensual será de 45 euros; en 2008, de 50 euros; e en 2009, de 55 euros. Os incrementos anuais serán de 540 euros en 2007; 600 euros en 2008; e 660 en 2009 euros.

### **Galicia á cabeza**

Con este acordo homológanse as retribucións dos funcionarios docentes galegos coas retribucións do persoal docente das restantes Comunidades Autónomas, situándose nunha posición relativa media alta con respecto ao resto do Estado, cando na actualidade ocupa a última posición entre as Autonomías. En concreto Galicia pasará a ocupar o terceiro lugar despois de Cataluña e Baleares.



## MEDIDAS PARA A MELLORA DA CALIDADE DO ENSINO

Obxectivos	Instrumentos
Medidas para evitar o fracaso escolar	Reforzo educativo
A formación en novas tecnoloxías	Asesoramento tecnolóxico
Formación en linguas estranxeiras	Desdobres
Mellora das competencias básicas	Desdobres (matemáticas, galego, ...)
Mellorar a formación en ciencia e tecnoloxía	Desdobres
Atender á diversidade	Apoio específico a inmigrantes
Convivencia escolar	Participación en programas
Incrementar o número de estudantes posobrigatoria	
Implementar a etapa educativa entre 3-6 anos	

### Compromisos por parte do profesorado

- **Reforzar as titorías**
- **Maior dedicación e compromiso á súa preparación**
- **Atención ao traballo en equipo**
- **Capacidade de renovación e innovación**
- **Capacidade de xestión autónoma e responsable dos centros educativos**



SITUACIÓN DA RETRIBUCIÓN DOS PROFESORES POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS *				
	COMUNIDADE	CANTIDADE ANUAL	DIFERENCIA ANUAL	DIFERENCIA MENSUAL
1	CATALUÑA	33.276	3.281	273,41
2	BALEARES	31.325	1.330	110,83
3	GALICIA	29.995		
4	MURCIA	29.987		
5	CANTABRIA	29.920		
6	CASTELA MANCHA A	29.801		
7	CASTELA LEÓN	29.738		
8	MADRID	29.698		
9	A RIOXA	29.689		
10	ANDALUCÍA	29.633		
11	ARAGÓN	29.481		
12	ESTREMADURA	29.405		
13	ASTURIAS	29.080		
14	CANARIAS	28.588		
15	CEUTA E MELILLA	27.868		
16	VALENCIA	27.844		
MEDIA ANUAL		29.670		

(\*) Non se consideran País Vasco e Navarra que teñen réxime fiscal propio.

(\*) Computados mestres cunha media de 12 anos de antigüidade